

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Juan Manuel Fajardo Recouso, Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández e Xosé Manuel Beiras Torrado**, deputados e deputada do Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, en relación coa posta en marcha do servizo das “casas niño”**.

Dende 2013 a Xunta vén anunciando, de forma continuada, a posta en marcha do servizo de casas niño, sobre todo, no rural galego, pensadas para atender e dar cobertura suficiente ás familias galegas co obxectivo de facilitar a conciliación e, supostamente, mellorar as cifras de natalidade no noso país. Anos despois do primeiro anuncio, seguimos esperando o inicio deste proxecto que para o único que está a servir é para facilitarlle ao conselleiro ou conselleira de turno anuncios e propaganda baleira en sede parlamentar.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

¿Cal é o resultado da implantación de casas niño no país, no respecto a cantas están a funcionar e cantos nenos e nenas atenden?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 12/05/2016 17:19:54**

**Ramón Vázquez Díaz na data 12/05/2016 17:20:01**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 12/05/2016 17:20:08**



**Eva Solla Fernández na data 12/05/2016 17:20:14**

**Anton Sánchez García na data 12/05/2016 17:20:21**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 12/05/2016 17:20:25**